



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMARIÑAS

Bases do XXX Concurso de Noveis Diseñadores de Moda, que terá lugar durante a XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas.

ANUNCIO

Convocatoria do XXX Concurso de Noveis Diseñadores de Moda, que terá lugar durante a “XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas”, cuxas bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de agosto de 2023, as cales se transcriben a continuación:

“Bases do XXX Concurso de Noveis Diseñadores de Moda, que terá lugar durante a “XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas”, entre os días 27 e 31 de marzo de 2024”.

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente concurso é fomentar e promocionar a aplicación do Encaixe de Camariñas na moda.

Concedendo mediante o xurado 4 premios: un primeiro, un segundo e un terceiro ás mellores coleccións de deseño de moda e, un premio a colección máis comercial.

Os 4 deseños que compoñan a colección teñen que ter aplicado encaixe de Camariñas en todas as súas pezas e non serán aceptados os que presenten outro encaixe diferente.

Segunda.- Persoas beneficiarias

Poden concorrer a esta convocatoria tódolos noveis deseñadores con independencia da súa nacionalidade ou país de residencia, nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Alumnos e alumnas que estean cursando estudos en centros, escolas e academias que impartan ensinanzas de deseño e técnicas de confección, teñan ou non, os seus estudos rematados.

b) Todas aquelas persoas, vinculadas ó mundo do deseño, que aínda sendo profesional no campo da moda, por manter unha relación contractual ou autónoma con algunha empresa do sector, non formen parte do equipo de deseño da mesma. Ditas circunstancias debe ser acreditada coa correspondente **declaración xurada**.

A participación poderá realizarse individualmente ou en grupo, neste último caso, o grupo compoñeráse dun máximo de tres integrantes, designándose de entre eles a un representante e debendo cumprir todos eles os requisitos establecidos para a participación.

Terceira.- Requisitos dos traballos

- Cada aspirante presentará unha colección composta por 4 deseños orixinais e inéditos, non puideron ser premiados noutros certames de moda nin publicados mediante calquera tipo de medios de comunicación (impresos, audiovisuais, dixitais,...)
- O tema e a modalidade á que poden optar é libre tanto para moda masculina como feminina, con tódalas súas variantes; quedando excluídos os deseños de moda infantil.
- Presentarase un dossier impreso que incluírá obrigatoriamente, como mínimo, os seguintes requisitos:
 - Un figurín por lámina, a técnica deles será libre puidéndose realizar a man ou dixitalmente, coa vista de fronte e posterior (espalda).
 - A memoria poderá estar impresa en formato DIN A4, na portada deberá figurar obrigatoriamente o título da colección. O nome do autor/a **non deberá figurar en ningunha parte da memoria**
 - En tódalas pezas de cada deseño debe de indicarse obrigatoriamente onde se incorporará o encaixe de Camariñas.
 - As láminas deberán ir acompañadas dunha descrición dos materiais a utilizar así como dunha descrición técnica axustándose como mínimo á talla 38 modelo feminino e talla 42 modelo masculino, segundo o sistema europeo.
 - Poderá achegarse calquera outra documentación que se considere relevante de cara a valoración do proxecto.

Cuarta.- Solicitudes e documentación:

A presentación da solicitude da participación no Concurso leva implícito a aceptación de todas e cada unha das presentes bases.

Para garantir a confidencialidade da identidade dos/as participantes presentárase a seguinte documentación:

- **Anexo 1** - Modelo de solicitude - identificación que recollerá só o nome da colección

Dous sobres pechados que han de conter a seguinte documentación:

- **Sobre A:** No exterior do mesmo deberá indicar “sobre A + nome colección”

No interior debe de incluírse:

Solicitude de participación (Anexo 2) segundo modelo que se achega a estas bases

Documentación acreditativa da identidade do solicitante (DNI, NIE u outros)

Currículo do/a autor/a

Matrícula se participa como alumno/a

Declaración xurada (Punto Segundo b) en caso de non participar como alumno/a.

- **Sobre B:** No exterior do mesmo deberá indicarse “sobre B + nome colección”

No interior:

Conterá a memoria seguindo os requisitos do apartado 3.

Ambos os dous sobres máis o Anexo 1 deberán de enviarse xuntos dentro de un solo sobre coa dirección postal do Concello de Camariñas.

Quinta.- Lugar e prazo de presentación:

O **prazo** de entrega da documentación sinalada no apartado anterior finaliza o **1 de decembro de 2023** e comezará a partir da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. A maiores, e a título meramente informativo, ditas bases publicaranse na páxina web do Concello de Camariñas.

A documentación presentárase na Casa do Concello de Camariñas – Concurso de Noveis Diseñadores de Moda (Praza de Insuela, nº 57, 15123 Camariñas) en horas de oficina, de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres e por correo postal certificado segundo o artigo 16.4 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexta.-Selección e comunicación das memorias finalistas:

Dado o limitado número de prazas para o desfile, farase unha selección das memorias presentadas; para ilo a Alcaldesa do Concello de Camariñas nomeará a un xurado.

A comunicación da lista de memorias admitidas a concurso farase pública na web do Concello e individualmente por correo electrónico antes do 20 de decembro de 2023.

Prazo máximo de subsanación por falta de algunha documentación relacionada no Sobre A: 3 días dende a data de comunicación.

O Concello de Camariñas reserva o dereito de anular o concurso, se as memorias recibidas non reúnen un mínimo de calidade ou o número de memorias recibidas non é o suficiente para organizar un desfile.

Sétima.- Procedemento

- **Os/as concursantes seleccionados** deberán enviar por correo electrónico as memorias dixitalizadas (nome da colección e looks) para a realización dos vídeos de presentación na Pasarela das súas coleccións.
- Todas as memorias seleccionadas recibirán unha cantidade de encaixe por valor de 300 euros IVE incluído, segundo catálogo e tarifa establecida de antemán polas asociacións de encaixeiras do municipio de Camariñas, catálogo que está publicado xunto con estas bases na web do Concello de Camariñas. O encaixe que se lles subministrará estará realizado en algodón e en cor branco (os concursantes poden tinxir o encaixe).
- Os concursantes seleccionados confeccionarán a colección cos seus catro deseños propostos, para desfilan na pasarela da XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas, desde o xoves ao domingo, cun promedio estimado de máximo 2 desfiles diarios.
- Os concursantes que poidan asistir á Mostra poderán estar no backstage atendendo as súas coleccións.

- A organización da Mostra e a da Pasarela non se fará responsable de posibles deterioros por uso durante os desfiles (por exemplo descosidos, botóns desprendidos, manchas de maquillaxe, ...)
- Cada unha das pezas e accesorios deberá levar no seu interior unha etiqueta que identifique o nome da colección.
- Cada conxunto debe de ir con percha e acompañado dunha ficha, onde conste o nome da colección, os complementos e as pezas que formen dito conxunto (no caso de ter algunha colocación especial debe de indicarse claramente) e o nome da modelo que se lle adxudicou.
- As pezas confeccionadas terán que chegar ó Concello de Camariñas antes do día 21 de marzo do 2024.

Dirección de envío da colección:

Concello de Camariñas - Departamento: Mostra do Encaixe - Casa da Pedra - Praza Insuela, s/n - 15123 - CAMARIÑAS (A Coruña).

Oitava: Composición do xurado e criterios de valoración

- O xurado que ditaminará os premios estará integrado por personalidades do mundo da moda ou que teñan relación con ela dalgún xeito, a súa designación corresponde á Sra. Alcaldesa do Concello de Camariñas e estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un deseñador/a

Vogais: con un máximo de 12 deseñadores/as

Secretario/a: un empregado público a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto

- A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade a súa reunión na páxina web municipal e/o en medios de prensa.
- xurado non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.
- xurado reunirse, na data que será publicado na programación de actos da Mostra para determinar os 4 premios.
- xurado valorará o deseño, a confección e da aplicación do encaixe desde o punto de vista creativo para os 3 primeiros premios; e desde o punto de vista comercial para o premio á colección máis comercial.
- xurado poderá rexeitar todos aqueles traballos que non cumpran as condicións do concurso e poderá deixar deserto un ou máis premios se estima falta de mérito nos traballos presentados.
- As deliberacións do xurado serán secretas e levantarase a acta correspondente.
- A decisión do xurado será inapelable.

Novena.- Importe e entrega dos premios

Importes:

1º premio: 2.100,00 €, cantidade suxeita as retencións legalmente establecidas.

2º premio: 1.200,00€, cantidade suxeita as retencións legalmente establecidas.

3º premio: 600,00 €, cantidade suxeita as retencións legalmente establecidas.

Premio á colección máis comercial : 600,00 €, cantidade suxeita as retencións legalmente establecidas.

Os catro premios daranse a coñecer o domingo, día 31 de marzo. Asemade, farase entrega a cada un dos finalistas no concurso dun diploma que acredite a súa participación no XXX Concurso de Noveis Deseñadores.

Décima.-

As coleccións gañadoras quedarán en poder do Concello de Camariñas para a súa presentación en desfiles, exposicións e diversos actos durante 2 anos; sempre figurará o nome do autor. Durante este período se o deseñador precisa da colección para participar en outro evento deberá solicitar por escrito o envío da súa colección e os gastos correrán a cargo do deseñador.

As memorias deberán recollerse no backstage o domingo día 31 de abril.

Queda implícita a autorización dos autores das obras seleccionadas para a reprodución e publicación de imaxes ou contidos destas por parte do Concello de Camariñas ou calquera que estime oportuno.

Queda implícito na participación desta convocatoria a aceptación do contido das bases.

Calquera dúbida sobre a súa interpretación, ou calquera modificación desta, será resolta polo comité organizador da Mostra do Encaixe.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO 1

XXX Concurso de Noveis Diseñadores de Moda
Mostra Encaixe de Camariñas

Datos de identificación

Nome da colección:

Documentación que aporta:

Sobre A

Sobre B

En _____, ____ de _____ de 20__



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO 2: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
XXX Concurso de Noveis Deseñadores de Moda
Mostra do Encaixe de Camariñas

Datos do/a solicitante:

Apelidos	Nome	DNI
Dirección	Localidade	
Provincia	Código Postal	País
Teléfonos de contacto	Correo electrónico a efectos de notificación:	

Colección:

Nome da colección coa que concursa:
Modalidade da colección:

Participa como alumno/a ?:

SI	Nome da academia: _____ Presentar copia da matrícula
NO	Presentar declaración xurada de non ser profesional no mundo da Moda

Documentación complementaria:

<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI / NIE <input type="checkbox"/> Currículo <input type="checkbox"/> Fotocopia matrícula <input type="checkbox"/> Declaración xurada <input type="checkbox"/> Participa como grupo?: Representante:
Nota: todos @s participantes deben de presentar toda a documentación
Firma do solicitante: _____, ____ de _____ de 20__

Camariñas, 30 de agosto de 2023

O ALCALDE EN FUNCIONS,

Asdo.: Sergio Caamaño Fernández

2023/7083